

## ANEXO VI. PLAN DE FORMACIÓN CONTÍNUA DO PERSOAL (SOBRE B)

Don/Dona:	CARLOS ROSÓN VARELA
Representando a:	<b>INSTITUTO GALEGO DE XESTIÓN PARA O 3º SECTOR – IGAXES</b>
CONTRATO DE SERVIZOS, SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA (SARHA) CONSISTENTE NA XESTIÓN DO PROGRAMA MENTOR DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL DE MOZOS E MOZAS EN RISCO SOCIAL (CONTRATO COFINANCIADO POLO FONDO SOCIAL EUROPEO NO MARCO DO PROGRAMA OPERATIVO 2021-2027) (exp.: CPS-2022-0017)	

En representación da entidade indicada, e en relación co lote que de seguido se indica:

Lote número:	Único
<input type="checkbox"/>	NON se conta cun plan de formación continua para o persoal ofertado.
<input checked="" type="checkbox"/>	SI se conta cun plan de formación continua para o persoal ofertado.

### Contido do Plan de formación continúa

#### a)...Os obxectivos e contidos das actividades formativas

##### Obxectivos do plan de formación:

- Mellorar a calidade de intervención xerando espazos terapéuticos para as mozas e mozos
  - Comprender a realidade emocional na que transitan as mozas e mozos do programa
  - Capacitar ao persoal en estratexias de intervención e estratexias de autoxestión emocional
  - Crear espazos terapéuticos de intervención
  - Coñecer en profundidade procesos, protocolos e procedementos da organización así como estratexias de intervención ante situacións que se repiten en forma de patróns de comportamento
- Crear oportunidades dentro do mercado empresarial para mozas e mozos do sistema de protección
  - Mellorar as nosas estratexias de afrontamento ao mercado empresarial
  - Coñecer técnicas para mellorar resultados no marco dunha primeira entrevista co empresariado
  - Xerar espazos de reflexión e coñecemento sobre o mercado empresarial
- Establecer e crear coñecemento e dinámicas que completen a nosa política de igualdade

#### b)...Os perfís profesionais das persoas destinatarias



## PERFÍS PROFESIONAIS DAS PERSOAS DESTINARIAS

Nome do posto	Responsable da Area Económica – Financeira
Descrición	Establecemento dos criterios legais, de control, análise e estratexia económico - financeira da organización de xeito que se salvagarde a misión e visión da organización.
Funcións	Tarefas
Deseño, revisión e participación na execución do plan de actuación da entidade	Identificación de ameazas, oportunidades económicas e financeiras, deseño dos plans operativos, realización dos orzamentos anuais e plan de actuación e presentación ante a dirección. Estimación de obxectivos a acadar durante o ano e identificación das oportunidades de mellora da área. Control e seguimento da área xurídica e legal que afecta á organización, análise da lexislación de aplicación así como implementación dos cambios necesarios.
Supervisión do funcionamento da área económico – financeira – orzamentaria	Supervisar e control de réxime económico e financeiro, así como orzamentario da organización, preparar os orzamentos anuais de ingresos e gastos, encargo de auditorías económicas, contables e de xestión que se consideren oportunas. Supervisar a organización e coordinación de todas as persoas que directa ou indirectamente afectan á área financeira.
Desenvolvemento da política de transparencia financeira do programa	Desenvolvemento da política de transparencia financeira da organización na que se incluírá: <ul style="list-style-type: none"> <li>- Rendemento de contas ante a Dirección e/ou Xunta Directiva se así o requiren</li> <li>- Realización de auditorías económicas internas para velar polo correcto cumprimento dos criterios financeiros determinados pola Dirección e Xunta Directiva e comunicación dos resultados aos citados órganos</li> <li>- Programación e realización e seguimento de Auditorías Externas (polo menos unha anual) e comunicación dos resultados á Dirección. Apoio nas auditorías europeas que veñan por parte do departamento estatal de control dos fondos europeos</li> <li>- Publicación do informe de auditoría externa na web</li> </ul>
Liderar o proceso de captación de fondos públicos por medio de subvencións ou contratos coas diferentes Administracións Públicas	Identificar as posibilidades de financiación pública para o cumprimento da misión da organización. Control sobre os prazos de cumprimento e xustificación, coordinación dos equipos para o establecemento dos proxectos e das necesidades dos proxectos.
Participación en comités internos e representación delegada a nivel externo	Participación nos comités de concesión de axudas e outros nos que a organización estime que podan ser de interese para a área económico – financeira ou para o cumprimento da misión e visión. Representación delegada ante empresas e/ou organizacións e redes. Responsable COVID. Responsable de igualdade.
Requisitos do posto	
Requisitos intelectuais	Estudos superiores en formacións habilitantes para desenvolver este posto (ADE, Económicas...) formación complementaria en contabilidade e coñecemento actualizado dos plans contables que existen en vixencia e que afectan a organizacións non lucrativas, coñecementos informáticos avanzados, manexo de bases de datos.
Experiencia básica	Mínimo 3 anos desempeñando postos de similar responsabilidade, valorando de forma especial a experiencia no ámbito da dirección.
Aptitudes necesarias	Personalidade de líder, atraínte, asertivo, que teña fluidez verbal e boa redacción, organizado e que saiba planificar o seu tempo, con capacidade para negociar e dirixir un equipo. Emocionalmente estable, que soporte altos niveis de estres, capacidade para prever situacións, capaz de tomar decisións e adaptabilidade ao cambio.





Responsabilidade	Establecer e facer cumprir a misión e visión da organización. Velar polo cumprimento dos plans operativos e estratéxicos da organización. Supervisar: dos recursos humanos e materiais da entidade. Contactos externos: institucionais oficiais e coa propia organización (Igaxes). Manexo de CRM.
Condicións de traballo	Ambiente de traballo: suxeito a situacións cambiantes, altos niveis de estres, reunións de equipo, resolución de conflitos e problemas.
Nome do posto	<b>Responsable de Comunicación</b>
Descrición	Deseño do plan de comunicación e campaña de fundraising
Funcións	Tarefas
Deseño do plan de comunicación	Deseño do plan de comunicación, presentación ante a dirección e, se procede, implementación. Selección de provedores e xestión dos mesmos. Identificación de riscos e oportunidades para difundir a misión e visión da organización e captar a maior masa social de apoio a esta misión e visión. Desenvolvemento da política de comunicación da organización e presentación ante a dirección.
Deseño do plan de fundraising	Deseño do plan de captación de fondos da organización co obxectivo de incrementar os ingresos “liberados” – non suxeitos a actividade – para poder ter unha maior flexibilidade na toma de decisións
Coordinación do equipo de comunicación	Coordinación do equipo de comunicación, establecemento de liñas claras de traballo e coidar que todas as persoas que compoñen o departamento sigan os plans e políticas trazadas.
Identificación, captación e xestión da masa social de apoio e voluntariado	Deseño de campañas e atención ás demandas de voluntariado para organización en base aos requisitos previamente marcados.
<b>Requisitos do posto</b>	
Requisitos intelectuais	Estudios superiores en Ciencias da comunicación. Coñecementos en técnicas de fundraising, deseño de campañas e seguimento de resultados, captación de leads. Uso das novas tecnoloxías.
Experiencia básica	Mínimo 3 anos desempeñando postos de similar responsabilidade, valorando de forma especial a experiencia no ámbito da dirección.
Aptitudes necesarias	Personalidade de líder, atraínte, asertivo, que teña fluidez verbal e boa redacción, organizado e que saiba planificar o seu tempo, con capacidade para negociar e dirixir un equipo. Emocionalmente estable, que soporte altos niveis de estres, capacidade para prever situacións, capaz de tomar decisións e adaptabilidade ao cambio. Manexo de CRM.
Responsabilidade	Establecer e facer cumprir a misión e visión da organización. Velar polo cumprimento dos plans operativos e estratéxicos da organización. Supervisar: dos recursos humanos e materiais da entidade. Contactos externos: institucionais oficiais e coa propia organización (Igaxes).
Condicións de traballo	Ambiente de traballo: suxeito a situacións cambiantes, altos niveis de estres, reunións de equipo, resolución de conflitos e problemas.
Nome do posto	<b>Responsable da área de recursos humanos e calidade</b>
Descrición	Deseño e desenvolvemento da política de calidade. Deseño e desenvolvemento de proxectos que complementen o traballo realizado dentro do Programa Mentor. Responsable de Calidade. Responsable de Protección de Datos.
Funcións	Tarefas
Deseño, implementación e execución do Plan de Xestión de Persoas	Deseño da política de calidade, deseño do plan de formación para a organización e xestión de provedores, deseño da política de recrutamento e captación de persoas para a organización e relación coas fontes de recrutamento. Deseño e implementación do sistema de selección,





	formación ás persoas entrevistadoras. Deseño da acollida das novas contratacións e seguimento dos plans de carreira. Deseño do Plan de xestión de equipos e resolución de problemas.
Planificación e xestión proxectos	Configuración do equipo, deseño e coordinación do mesmo para a realización de grandes proxectos a nivel autonómico, nacional ou europeo. Presentación do borrador para a aprobación pola dirección.
Coordinación do equipo de coordinación de proxectos	Coordinación de accións entre as diferentes coordinacións dos proxectos máis importantes de Igaxes de xeito que podamos aproveitar
Responsable de calidade	Liderar o proceso de de implementación da xestión de calidade, afianzamento dos procesos de calidade, busca da súa eficacia e eficiencia, análise da realidade, análise de riscos, análise PEST, análise de causa raíz. Deseño do Plan de Calidade e realización do Informe anual de Revisión do Sistema, presentación dos mesmos ante a Dirección da Organización. Defensa das auditorías externas e realización e coordinación do equipo auditor a nivel interno, revisión dos procesos traballados no mapa de procesos, realización do informe de auditoría interna. Seguimento de indicadores e realización de medidas para a corrección de desviacións. Xestión de provedores.
Seguimento do Plan de Protección de Datos	Establecemento da política de protección de datos, salvagarda das necesidades de protección da organización e cumprimento legal dos requisitos establecidos dende os marcos legais que regulan os aspectos da protección de datos. Xestión dos provedores.
Xestión do coñecemento	Coordinación da persoa investigadora do centro FAIA de investigación social. Membro do equipo investigador, deseño das investigacións que se levarán a cabo, apoio ao proceso de xestión da información que se extrae das investigacións e redacción dos informes.
Representación ante diversas redes	Representación en redes de traballo da misión e visión da organización (POIG e Caixa ProInfancia). Coordinación de accións e establecemento de alianzas con diferentes organizacións.
<b>Requisitos do posto</b>	
Requisitos intelectuais	Estudos superiores, formación complementaria en xestión de recursos humanos, xestión de proxectos e calidade (IRCA). Manexo de bases de datos, capacidade de relación de información en favor da misión e visión da organización.
Experiencia básica	Mínimo 3 anos desempeñando postos de similar responsabilidade, valorando de forma especial a experiencia no ámbito da dirección.
Aptitudes necesarias	Personalidade de líder, atraínte, asertivo, que teña fluidez verbal e boa redacción, organizado e que saiba planificar o seu tempo, con capacidade para negociar e dirixir un equipo. Emocionalmente estable, que soporte altos niveis de estrés, capacidade para prever situacións, capaz de tomar decisións e adaptabilidade ao cambio. Manexo de CRM.
Responsabilidade	Establecer e facer cumprir a misión e visión da organización. Velar polo cumprimento dos plans operativos e estratéxicos da organización. Supervisar: dos recursos humanos e materiais da entidade. Contactos externos: institucionais oficiais e coa propia organización (Igaxes).
Condicións de traballo	Ambiente de traballo: suxeito a situacións cambiantes, altos niveis de estrés, reunións de equipo, resolución de conflitos e problemas.
Nome do posto	<b>Coordinación do programa</b>
Descrición	Coordinar en xeral o cumprimento dos obxectivos do programa Mentor. Crear novas vías de intervención ou traballo e facer seguimentos das mesmas.
Funcións	Tarefas
Xestión de persoas	Establecemento de obxectivos anuais e plan específico con cada unha das persoas ao seu cargo. Establecemento de estratexias de colaboración para





	que se acaden os obxectivos establecidos. Comunicación, establecemento de sistemas de feedback e feedforward para reconducir desviacións ou reforzar o traballo realizado. Establecemento de políticas colaborativas coas persoas ao seu cargo. Traballar a cohesión do equipo e alinear misións e visións persoais coas da organización.
Construción e mantemento de alianzas	Identificación de stakeholders, internos e externos, que favorezan o desenvolvemento da actividade do programa e da organización. Establecemento de estratexias de alianza con estes grupos de interese. Identificación de riscos e ameazas así como de oportunidades de crecemento. Mantemento das alianzas xeradas durante o tempo, valoración daquelas que xa non son de interese. Traslado da visión da organización como garante de alianzas fortes e lexítimas no tempo.
Análise de oportunidades	Coñecemento do entorno, exploración de novas oportunidades e iniciativas. Anticipación a posibles escenarios futuros analizando tendencias e buscando información por medio de distintas fontes. Establecemento de mecanismos de recollida de información periódica para monitorizar e comprobar resultados así como para analizar posibles tendencias vantaxosas.
Mellora e innovación do programa	Análise e reflexión sobre accións, actividades e posibles melloras sobre o programa. Exploración de novas iniciativas innovadoras. Enfoque aberto a analizar problemas que xorden ou solucións ás que non somos quen de chegar. Predisposición a asumir novas ideas e involucrar aos equipos nelas.
Análise de información e toma de decisións	Revisión da información dispoñible de cara a análise e toma de decisións. Busca de información de primeira man por medio dos grupos de interese xa identificados e validados. Uso de métodos para revisar e solucionar os problemas que van xurdindo.
Planificación, organización e seguimento	Establecemento de, en base á estratexia da organización, de prioridades, iniciativas e seguimentos que axuden e apoiem ao equipo á hora de acadar os obxectivos. Establecemento de mecanismos de seguimento e corrección sobre os plans establecidos.
Comunicación e reporte cos grupos de interese	Elaboración de informes, comunicación e reporte de reunións a diferentes grupos de interese, así como á dirección e compañeiros. Estruturación da información relevante para que as partes interesadas a teñan en conta de cara a manter informados ou buscar alianzas de cara a acadar os obxectivos establecidos. Redacción e contestación aos requirimentos realizados pola administración.
<b>Requisitos do posto</b>	
Requisitos intelectuais	Estudios superiores no ámbito da intervención social. Formación complementaria que poda apoiar ás funcións determinadas neste posto de traballo.
Experiencia básica	Mínimo 3 anos desempeñando postos de similar responsabilidade.
Aptitudes necesarias	Personalidade de líder, atraínte, asertivo, que teña fluidez verbal e boa redacción, organizado e que saiba planificar o seu tempo, con capacidade para negociar e dirixir un equipo. Emocionalmente estable, que soporte altos niveis de estrés, capacidade para prever situacións, capaz de tomar decisións e adaptabilidade ao cambio. Manexo de CRM.
Responsabilidade	Establecer e facer cumprir a misión e visión da organización. Velar polo cumprimento dos plans operativos e estratéxicos da organización.
Condicións de traballo	Ambiente de traballo: suxeito a situacións cambiantes, altos niveis de estrés, reunións de equipo, resolución de conflitos e problemas.
Nome do posto	<b>Coordinación dos equipamentos residencias</b>
Descrición	Responsable da planificación, deseño e implementación do Proxecto Educativo de Centros. Reportar co coordinador do Programa Mentor e coa





	Dirección, realizar informes de seguimento e informar das incidencias que se produzan dentro dos recursos. Asesorar e apoiar tecnicamente á dirección, coordinación do programa e equipos de intervención. Contactos coas Delegacións e mantemento de alianzas.
Funcións	Tarefas
Xestión de persoas	Establecemento de estratexias de colaboración para que se acaden os obxectivos establecidos. Comunicación, establecemento de sistemas de feedback e feedforward para reconducir desviacións ou reforzar o traballo realizado. Establecemento de políticas colaborativas coas persoas ao seu cargo. Traballar a cohesión do equipo e alinear misións e visións persoais coas da organización.
Construción e mantemento de alianzas	Identificación de stakeholders, internos e externos, que favorezan o desenvolvemento da actividade do programa e da organización. Establecemento de estratexias de alianza con estes grupos de interese. Identificación de riscos e ameazas así como de oportunidades de crecemento. Mantemento das alianzas xeradas durante o tempo, valoración daquelas que xa non son de interese. Traslado da visión da organización como garante de alianzas fortes e lexítimas no tempo.
Análise de oportunidades	Cñecemento do entorno, exploración de novas oportunidades e iniciativas. Anticipación a posibles escenarios futuros analizando tendencias e buscando información por medio de distintas fontes. Establecemento de mecanismos de recollida de información periódica para monitorar e comprobar resultados así como para analizar posibles tendencias vantaxosas. Deseño, desenvolvemento e implementación do proxecto educativo dos centros. Establecemento de criterios educativos. Velar polo benestar dos mozos e mozas de alta nas vivendas.
Mellora e innovación do programa	Análise e reflexión sobre accións, actividades e posibles melloras sobre o programa. Exploración de novas iniciativas innovadoras. Enfoque aberto a analizar problemas que xorden ou solucións ás que non somos quen de chegar. Predisposición a asumir novas ideas e involucrar aos equipos nelas.
Análise de información e toma de decisións	Revisión da información dispoñible de cara a análise e toma de decisións. Busca de información de primeira man por medio dos grupos de interese xa identificados e validados. Uso de métodos para revisar e solucionar os problemas que van xurdindo.
Planificación, organización e seguimento	Establecemento de, en base á estratexia da organización, de prioridades, iniciativas e seguimentos que axuden e apoien ao equipo á hora de acadar os obxectivos. Establecemento de mecanismos de seguimento e corrección sobre os plans establecidos.
Comunicación e reporte cos grupos de interese	Elaboración de informes, comunicación e reporte de reunións a diferentes grupos de interese, así como á dirección e compañeiros. Estruturación da información relevante para que as partes interesadas a teñan en conta de cara a manter informados ou buscar alianzas de cara a acadar os obxectivos establecidos. Redacción e contestación aos requirimentos realizados pola administración.
Requisitos do posto	
Requisitos intelectuais	Estudos superiores no ámbito da intervención social. Formación complementaria que poda apoiar ás funcións determinadas neste posto de traballo.
Experiencia básica	Mínimo 2 anos desempeñando postos de similar responsabilidade.
Aptitudes necesarias	Personalidade de líder, atraínte, asertivo, que teña fluidez verbal e boa redacción, organizado e que saiba planificar o seu tempo, con capacidade para negociar e dirixir un equipo. Emocionalmente estable, que soporte altos niveis de estres, capacidade para prever situacións, capaz de tomar decisións e adaptabilidade ao cambio. Manexo de CRM.





Responsabilidade	Establecer e facer cumprir a misión e visión da organización. Velar polo cumprimento dos plans operativos e estratéxicos da organización.
Condicións de traballo	Ambiente de traballo: suxeito a situacións cambiantes, altos niveis de estres, reunións de equipo, resolución de conflitos e problemas.
Nome do posto	Persoal administrativo
Descrición	Encargarse da contabilidade e a facturación da organización, orzamentos, control orzamentario dos programas, nóminas e das altas e baixas dos usuarios.
Funcións	Tarefas
Xestión contable	Xestión contable a través do programa A3COM.
Xestión laboral	Enlace entre o departamento de persoas e a asesoría laboral. Supervisión de nóminas e contratos.
Xestión orzamentaria	Apoio na elaboración de orzamentos, plan de actuación e liquidación dos mesmos.
Xestión bancaria	Xestión das contas bancarias, pagos e cobros.
Xustificacións económicas	Apoio nas xustificacións económicas de subvencións e proxectos así como nas auditorías.
Xestión de provedores	Relacións e supervisións entre provedores e a organización.
Requisitos do posto	
Requisitos intelectuais	Formación básica; mínimo de bacharelato. Coñecementos no ámbito contable e orzamentario. Coñecementos informáticos a nivel de avanzado do paquete Microsoft Office e Outlook. Coñecemento de programas especializados de contabilidade (A3COM)
Experiencia básica	Mínimo 2 anos desempeñando postos de similar responsabilidade.
Aptitudes necesarias	Capacidade de relación con diferentes persoas e equipos, capacidade de negociación, organización e sistematización de procedementos. Xestión de axenda e planificación.
Responsabilidade	Xestión de documentación confidencial, representación da entidade na xestión de provedores, xestión de contactos con grupos de interese para a organización.
Condicións de traballo	Ambiente de traballo: suxeito a situacións cambiantes, altos niveis de estres.
Nome do posto	Técnicos /as de inserción social e laboral
Descrición	En base aos perfiles laborais cos que estamos a traballar crear unha estratexia provincial de achegamento á empresa de xeito que as persoas participantes do programa incrementen as súas posibilidades de cara ao mercado laboral e á súa emancipación final.
Funcións	Tarefas
Mellorar as competencias e a empregabilidade dos mozos e mozas da zona de influencia	Creación e execución dos proxectos de inserción laboral (PIL) e presentalos de acordo ao protocolo aprobado fomentando a participación dos rapaces, informar sobre o desenvolvemento deste proxecto á coordinación e ao respectivo Equipo Técnico de Menores. Cumprir os prazos de seguimento e execución recollidos en protocolo e dentro do propio PIL. Identificación das motivacións dos mozos e mozas. Mellorar as competencias laborais dos mozos e mozas da zona de influencia. Identificar, si existen, as motivacións dos mozos e mozas, no caso de non existir buscar dinámicas para crealas ou ver qué move ao rapaz de cara ao seu proceso de emancipación. Solicitar axudas e realizar o seguimento pertinente. Informar aos mozos(as) das circunstancias que movern ao mercado





	empresarial da área de influencia de traballo do(a) técnico(a) de xeito que poda adaptar as súas expectativas e o seu currículo. Establecer seguimentos dos mozos de baixa durante 6 meses.
Establecer unha estratexia de prospección de empresas na área de influencia	Conforme aos perfiles detectados no traballo cos mozos e mozas do programa crear unha estratexia de traballo na prospección de empresas buscando o resultado de xerar ofertas de emprego sen esquecer fórmulas como os convenios, accións relacionadas co proxecto Artesa ou prácticas prelaborais para os(as) mozos(as). Visitar novas empresas. Visitar empresas coas que xa contactáramos (que pertencen á nosa base de datos). Identificar ofertas de emprego e ofertarllas aos mozos(as) de alta no programa.
Crear rede con grupos de interese de especial interese para a misión e visión da organización	Establecemento de relacións de cercanía e de traballo con centros de menores, asociacións empresariais e outras entidades relevantes do terceiro sector, que favorezan o proceso de emancipación e inserción que estamos a realizar e que favorezan o cumprimento da nosa misión e visión.
Traballar para mellorar os indicadores da zona de influencia	Emisión dun informe mensual de seguimento dos indicadores mensuais, establecidos conxuntamente co Coordinador do programa. Traballar para acadar estes obxectivos e melloralos. Coidar a mensaxe que busca emitir a organización
Cumprimento dos procedementos e protocolos marcados.	Cumprimento dos requisitos establecidos pola organización e polo contrato público de xestión do programa á hora de presentar os rexistros documentais que inflúen sobre o posto de traballo de TIL.
Identificar e trasladar novas necesidades.	Enfoque cara a mellora. Anticipar ou prever situacións que se están a producir (variación de perfiles de mozos(as), novos sectores de interese, formación especializada...) que melloren e innoven a intervención do programa.
<b>Requisitos do posto</b>	
Requisitos intelectuais	Instrución básica: Estar en posesión de estudos superiores (traballo social, psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía ou similares, cursos de postgrao en inserción laboral, carné de conducir. Coñecementos informáticos a nivel de usuario do paquete Microsoft office e Outlook e manexo do CRM.
Experiencia básica	Mínimo de 6 meses desempeñando o posto ou posto similar.
Aptitudes necesarias	Ter unha personalidade atraente e cortés, boas capacidades comunicativas e de creación de dinámicas de traballo en rede con institucións de diferente índole, capacidade para prever situacións e adaptarse a elas, coñecemento en plans de inserción sociolaboral locais, autonómicos e nacionais, empatía e habilidade no trato con adolescentes (mediador), tolerancia ao estrés.
Responsabilidade	Coordinar o traballo co equipo educativo das RAI e a Coordinación do programa. Responsable dos plans de inserción sociolaboral. Contactos externos: coas institucións oficiais e coa organización (Igaxes).
Condicións de traballo	Ambiente de traballo: baixo condicións distractoras, altos niveis de estrés e resultados a longo prazo.
Nome do posto	Técnicos/as de integración laboral
Descrición	Apoio na realización do traballo do ou da técnica de inserción laboral en base aos perfiles laborais cos que estamos a traballar crear unha estratexia provincial de achegamento á empresa de xeito que as persoas participantes do programa incrementen as súas posibilidades de cara ao mercado laboral e á súa emancipación final.
Funcións	Tarefas
Actuar como apoio do(a)	Entrevistarse cos(as) participantes, entrevistarse cos equipos técnicos do





técnico(a) na función de mediación co obxecto de elaborar proxectos de inserción individualizados	<p>menor, cos equipos educativos e coas súas familias.</p> <p>Elaboración do calendario de actuación e da documentación establecida para o seguimento e desenvolvemento do programa.</p> <p>Manter entrevistas con centros de formación, coordinadores xerais, empresarios e directores de centros e demais organizacións que interveñan directamente no programa.</p> <p>Acompañar aos participantes do programa Mentor, en entrevistas de traballo e cursos de formación</p> <p>Realizar seguimentos sobre os mozos e mozas participantes no programa Mentor ata 6 meses despois da baixa no programa.</p>
Apoiar ao técnico(a) de inserción socio-laboral na coordinación entre departamento territorial da administración competente e os participantes	<p>Transmitir información sobre os(as) participantes aos ETM. Ocuparse das baixas e altas dos(as) participantes do programa Mentor. Orientar aos(as) participantes na tramitación de documentos necesarios para a súa inserción laboral, formativa e social e supervisar os trámites de documentación.</p> <p>Avaliar e solicitar, segundo protocolo, posibles axudas ou recursos.</p>
Intervención co/a participante	Xestión da axenda de traballo común, acompañamento do(a) participante e creación dun proxecto común de inserción. Apoiar na adquisición de destrezas para a busca e mantemento de emprego.
Prospección empresarial (empresas e asociacións empresariais)	Busca de empresas ou asociacións empresariais que faciliten o proceso de inserción dos(as) participantes coa entrada en procesos de selección, como “provedores” de candidaturas e como formadores ou informadores de accións formativas de alta empregabilidade (no caso das asociacións empresariais) facéndonos partícipes da súa base de datos para candidaturas ou persoas interesadas nas súas accións formativas. As accións de prospección empresarial culminaranse na sinatura dun convenio e na información das visitas, insercións e convenios asinados.
Cubrir os requisitos de documentación	Presentar en forma e prazo os requisitos de documentación estipulados a través de protocolos ou normas para os procesos que afectan as funcións propias deste posto de traballo.
<b>Requisitos do posto</b>	
Requisitos intelectuais	<p>Instrución básica: Estar en posesión de ciclo superior, curso en inserción laboral, carné de conducir.</p> <p>Coñecementos informáticos a nivel de usuario do paquete Microsoft office e Outlook e manexo do CRM.</p> <p>Carné de manipulación de alimentos</p>
Experiencia básica	Mínimo de 6 meses desempeñando o posto ou posto similar.
Aptitudes necesarias	Ter unha personalidade atraínte e cortés, boas capacidades comunicativas e de creación de dinámicas de traballo en rede con institucións de diferente índole, capacidade para prever situacións e adaptarse a elas, coñecemento en plans de inserción sociolaboral locais, autonómicos e nacionais, empatía e habilidade no trato con adolescentes (mediador), tolerancia ao estrés.
Responsabilidade	Coordinar o traballo co técnico de inserción e o equipo educativo das RAI e a Coordinación do programa. Responsable dos plans de inserción sociolaboral. Contactos externos: coas institucións oficiais e coa organización
Condicións de traballo	Ambiente de traballo: baixo condicións distractoras, altos niveis de estrés e resultados a longo prazo.
Nome do posto	Responsable de vivenda
Descrición	Responsable da planificación e implementación do Proxecto Educativo de Centro. Reportar co coordinador dos RAI os informes de seguimento e o estado da vivenda, avaliar ao persoal da vivenda e establecer plans de mellora para a vivenda no seu conxunto.
Funcións	Tarefas





Desenvolvemento do proxecto educativo de centro	Implementación do proxecto educativo de centro, busca dos obxectivos que persigue o centro e da aplicación da metodoloxía. Aportacións para a mellora do proxecto educativo de centro.
Deseño e implementación do proxecto educativo individualizado de cada un dos mozos e mozas de residentes no recurso.	Deseño e implementación do proxecto educativo individualizado cos mozos e mozas do recurso, buscando aplicar os valores e metodoloxía de traballo de Igaxes e seguindo o protocolo estipulado para a súa creación, cumprindo prazos e formas detallados e buscando a implicación do resto do equipo educativo e a participación do mozo e moza en todo o proceso. Manter contacto co Equipo Técnico de Menores para comunicar modificacións substanciais ou feitos relevantes no desenvolvemento do proxecto educativo individualizado de cada un dos mozos e mozas.
Facer respectar o regulamento de réxime interior de mozos e mozas e persoal educativo.	Respectar e facer respectar o regulamento de réxime interior por parte dos mozos e mozas residentes nos recursos. Respectar e facer respectar o regulamento de réxime interior para os traballadores de Igaxes. Ante calquera incumprimento dos regulamentos, informar á coordinación de vivendas.
Intervención educativa cos e coas participantes do programa.	Realizar tarefas educativa cos e coas mozas sendo responsable da intervención integral do grupo. Elaboración e seguimento do plan de intervención con cada mozo e moza. Organizar a vida cotián atendendo ás necesidades dos e das mozas conforme ao previsto na normativa vixente e ás indicacións da coordinación ao respecto, na procura de favorecer o desenvolvemento integral do mozo e moza e a súa autonomía persoal e social. Elaborar programas específicos para solventar carencias educativas dentro dos proxectos educativos individualizados Integrar ao resto do equipo educativo no desenvolvemento do proxecto educativo individualizado de cada mozo e moza. Elaborar, xunto ao coordinador de RAI, o programa anual da vivenda. Supervisar o traballo educativo do persoal educativo da vivenda. Dar resposta ante posibles emerxencias que xurdan no recurso. Informa directamente ao coordinador de vivendas das actuacións desenvolvidas e das incidencias producidas así como das medidas adoptadas. Contribúe de xeito activo a manter a orde e seguridade do centro para os mozos e mozas. Vela e defende o cumprimento do PEI ante os diferentes axentes cos que intervimos.
Velar polo cumprimento das tarefas administrativas e de xestión pertencentes ao recurso residencial	Velar polo cumprimento dos protocolos e tarefas administrativas, así como presentalos en forma e prazo indicados. Organizar e delegar / repartir estas tarefas entre os membros que compoñen o equipo educativo e supervisar a calidade da documentación presentada.
Responsabilidade sobre aspectos económicos relativos ao recurso residencial	Responsabilidade sobre aspectos económicos dentro da vivenda, sobre o bo uso dos recursos económicos e materiais dos que dispón o recurso para o fin polo que foi creado.
Representación da entidade	Representación da entidade ante o departamento territorial e outras entidades que se vexan involucradas no desenvolvemento cotián do traballo. Trasladar as mensaxes e valores da entidade.
Identificar e trasladar novas necesidades.	Enfoque cara a mellora. Anticipar ou prever situacións que se están a producir (variación de perfiles de mozos(as), boas prácticas na intervención...) que melloren e innoven a intervención do programa.
<b>Requisitos do posto</b>	
Requisitos intelectuais	Instrución básica: Estar en posesión de estudos superiores (traballo social, psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía ou similares, cursos de postgrao en inserción laboral, carné de conducir.





	Coñecementos informáticos a nivel de usuario do paquete Microsoft office e Outlook e manexo do CRM. Carné de manipulación de alimentos e formación en primeiros auxilios.
Experiencia básica	Mínimo de 6 meses desempeñando o posto ou posto similar.
Aptitudes necesarias	Ter unha personalidade atraínte e cortés, boas capacidades comunicativas e de creación de dinámicas de traballo en rede con institucións de diferente índole, capacidade para prever situacións e adaptarse a elas, coñecemento en plans de inserción sociolaboral locais, autonómicos e nacionais, empatía e habilidade no trato con adolescentes (mediador), tolerancia ao estrés. Alta capacidade de traballo en equipo e planificación.
Responsabilidade	Coordinar o traballo co equipo educativo das RAI e a Coordinación do programa. Responsable dos plans de inserción sociolaboral. Contactos externos: coas institucións oficiais e coa organización (Igaxes).
Condicións de traballo	Ambiente de traballo: baixo condicións distractoras, altos niveis de estrés e resultados a longo prazo.
Nome do posto	Persoal educador de vivendas
Descrición	Responsable do proceso de intervención directa (pedagóxica e educativa) cos(as) participantes residentes nos recursos de apoio á inserción. Son funcións do educador(a) velar polo cumprimento do proxecto educativo do recurso, deseñar e cumprir o proxecto educativo individualizado do(a) participante e establecer as vías de comunicación necesarias e adecuadas para manter informados(as) aos(as) compañeiros(as) de equipo, tomar decisións e dar resposta ao grupo ante posibles emerxencias que ocorran na RAI ao seu cargo durante o horario de traballo. Recibirá información cotián do acaecido no grupo e informará de canto fose relevante.
Funcións	Tarefas
Cumprir o proxecto educativo de centro	Velar polo cumprimento do proxecto educativo de centro, polo cumprimento do regulamento de réxime interno aplicando a filosofía de intervención baseada vínculo e coidado das persoas.
Deseñar, implementar e avaliar o proxecto educativo individualizado con cada participante	Deseñar o proxecto educativo individualizado, incluíndo no deseño ao(á) participante, traballando sobre as áreas de autonomía persoal, área de integración residencial, área de integración formativo – laboral e área de adaptación e integración comunitaria. Cada 6 meses realizar unha revisión sobre o proxecto educativo individualizado.
Xestionar a vivenda	Manter a comunicación cos superiores sobre o estado do recurso residencial a través dos mecanismos de comunicación estipulados. Xestión de compras do recurso residencial a través do protocolo de compras estipulado, realizar a tarefa de control de caixa seguindo o protocolo estipulado, levar un rexistro da ocupación actual do recurso, levar un rexistro de chamadas telefónicas.
Cubrir os requisitos de documentación	Presentar en forma e prazo os requisitos de documentación estipulados a través de protocolos ou normas para os procesos que afectan as funcións propias deste posto de traballo.
Requisitos do posto	
Requisitos intelectuais	Instrución básica: Estar en posesión de estudos superiores (traballo social, psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía ou similares, cursos de postgrao en inserción laboral, carné de conducir. Coñecementos informáticos a nivel de usuario do paquete Microsoft office e Outlook e manexo do CRM. Carné de manipulación de alimentos e formación en primeiros auxilios.
Experiencia básica	Mínimo de 6 meses desempeñando o posto ou posto similar.
Aptitudes necesarias	Personalidade emocionalmente estable, que soporte altos niveis de estrés, capacidade de negociar con adolescentes, fluidez verbal, capacidade para prever situacións, capaz de tomar decisións, capacidade para o traballo en equipo, perspicacia no seu traballo e adaptabilidade ao cambio. Alta





	capacidade de traballo en equipo e planificación.
Responsabilidade	Supervisar: ás persoas participantes dos recursos residenciais. Responsable dos medios materiais, económicos, alimentos e equipamentos dentro da RAI. Contactos externos: institucións oficiais e coa propia organización (Igaxes).
Condicións de traballo	Ambiente de traballo: suxeito a situacións cambiantes, altos niveis de estres, situación de riscos sociais. Típico cando se traballa con persoas, en especial adolescentes en risco social.
Nome do posto	Controladora TAI
Descrición	Apoio no proceso de intervención directa (pedagóxica e educativa) cos(as) participantes residentes nos recursos de apoio á inserción. Son funcións do educador(a) velar polo cumprimento do proxecto educativo do recurso, deseñar e cumprir o proxecto educativo individualizado do(a) participante e establecer as vías de comunicación necesarias e adecuadas para manter informados(as) aos(as) compañeiros(as) de equipo, tomar decisións e dar resposta ao grupo ante posibles emerxencias que ocorran na RAI ao seu cargo durante o horario de traballo. Recibirá información cotián do acaecido no grupo e informará de canto fose relevante.
Funcións	Tarefas
Cumprir o proxecto educativo de centro	Velar polo cumprimento do proxecto educativo de centro, polo cumprimento do regulamento de réxime interno aplicando a filosofía de intervención baseada no vínculo e seguridade emocional dos mozos e mozas.
Apoio no deseño, implementación e avaliación do proxecto educativo individualizado con cada participante	Apoio no deseño do proxecto educativo individualizado, incluíndo no deseño ao(a) participante, traballando sobre as áreas de autonomía persoal, área de integración residencial, área de integración formativo – laboral e área de adaptación e integración comunitaria. Cada 6 meses apoiar aos educadores na realización dunha revisión sobre o proxecto educativo individualizado.
Apoio na xestión da vivenda	Manter a comunicación cos superiores sobre o estado da RAI a través dos mecanismos de comunicación estipulados no MFP. Xestión de compras do RAI a través do protocolo de compras estipulado, realizar a tarefa de control de caixa seguindo o protocolo estipulado, levar un rexistro da ocupación actual do recurso, levar un rexistro de chamadas telefónicas.
Cubrir os requisitos de documentación	Presentar en forma e prazo os requisitos de documentación estipulados a través de protocolos ou normas para os procesos que afectan as funcións propias deste posto de traballo.
Requisitos do posto	
Requisitos intelectuais	Instrución básica: Estar en posesión de estudos superiores (traballo social, psicoloxía, pedagogía, psicopedagogía ou similares, cursos de postgrao en inserción laboral, carné de conducir. Coñecementos informáticos a nivel de usuario do paquete Microsoft office e Outlook e manexo do CRM. Carné de manipulación de alimentos e formación en primeiros auxilios.
Experiencia básica	Mínimo de 3 meses desempeñando o posto ou posto similar.
Aptitudes necesarias	Personalidade emocionalmente estable, que soporte altos niveis de estrés, capacidade de negociar con adolescentes, fluidez verbal, capacidade para prever situacións, capaz de tomar decisións, capacidade para o traballo en equipo, perspicacia no seu traballo e adaptabilidade ao cambio. Alta capacidade de traballo en equipo e planificación.
Responsabilidade	Supervisar: ás persoas participantes dos recursos residenciais. Responsable dos medios materiais, económicos, alimentos e equipamentos dentro da RAI. Contactos externos: institucións oficiais e coa propia organización (Igaxes).
Condicións de traballo	Ambiente de traballo: suxeito a situacións cambiantes, altos niveis de estres, situación de riscos sociais. Típico cando se traballa con persoas, en especial



adolescentes en risco social.
<p>c)...A duración prevista en horas</p> <p>Este plan de formación contempla un total de <b>708 horas</b> durante todo o seu período de vixencia.</p> <p>A continuación detallaranse máis en profundidade os contidos das formacións que desenvolveremos no período 2023 – 2026.</p> <p>En cada unha das <i>fichas técnicas</i> anexas recóllense os seguintes apartados:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- <i>Obxectivos</i>: Faise unha breve descrición do obxectivo xeral que pretende esta formación</li> <li>- <i>Contidos da formación</i>: detállanse os contidos e a súa organización</li> <li>- <i>Nº de horas da formación</i>: Nº total de horas de formación</li> <li>- <i>Nº de sesións</i></li> </ul>
<p>d)...O perfil profesional ou formativo das persoas encargadas da docencia</p> <p>Á hora de seleccionar o perfil profesional das persoas ou entidades que levarán a cabo a formación tivemos en conta catro aspectos:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Que a formación se adecúe ao noso campo de traballo, é dicir, que coñezan o noso ámbito de intervención e a pesar de ser diversas se manteña unha mensaxe homoxénea.</li> <li>2. Que a formación sexa eminentemente práctica de xeito que a través de dramatizacións, role playings ou outras dinámicas cooperativas e de equipo se podan extraer os contidos da capacitación, de xeito que por medio de lecturas ou recomendacións bibliográficas podas engadir contido científico e, deste xeito, engadir fortaleza no relato sobre o aprendido.</li> <li>3. Flexibilidade e adaptabilidade, estas dúas premisas veñen dadas por mor da complexidade de facer formacións internas con persoal que debe estar (en distintas quendas) permanentemente no posto de traballo o que dificulta buscar data, debémolo facer con moita antelación, e moita adaptabilidade ao horarios que mellor se adaptan ás necesidades.</li> <li>4. Experiencia contrastada e capacidade para transmitir o campo sobre o que se vai falar. Buscamos perfís que saiban transmitir o coñecemento que posúen, o beneficio de ter en conta estes aspectos para transferilos ao seu día a día no traballo.</li> </ol> <p>Por todos estes motivos e en base á experiencia acumulada durante estes anos optamos por estes perfís profesionais. Co ánimo de ter o máis actualizado posible o currículo das persoas enviamos unha relación de links onde poder consulta máis polo miúdo o perfil profesional de cada unha das persoas ou entidades.</p>



Datas formación	Formacións	Link currículo da entidade ou persoa formadora
10/1/23 - 28/3/23	Mentalidade afiliativa	<a href="https://www.linkedin.com/in/laura-santos-32095a47">https://www.linkedin.com/in/laura-santos-32095a47</a> <a href="https://www.researchgate.net/profile/Daniel-Rijo">https://www.researchgate.net/profile/Daniel-Rijo</a>
09/11/2023	Introdución ao psicoanálise	<a href="https://www.linkedin.com/in/luis-perez-abaa0234/">https://www.linkedin.com/in/luis-perez-abaa0234/</a>
09/03/2023	Apego e modelos de apego	<a href="https://www.linkedin.com/in/pilarramallal/">https://www.linkedin.com/in/pilarramallal/</a> <a href="https://www.linkedin.com/in/eduardo-barca-96268a69/">https://www.linkedin.com/in/eduardo-barca-96268a69/</a>
06/04/2023	Teoría do vínculo	<a href="https://www.linkedin.com/in/pilarramallal/">https://www.linkedin.com/in/pilarramallal/</a> <a href="https://www.linkedin.com/in/eduardo-barca-96268a69/">https://www.linkedin.com/in/eduardo-barca-96268a69/</a>
11/05/2023	Vínculo e dimensión biolóxica	<a href="https://www.linkedin.com/in/luis-perez-abaa0234/">https://www.linkedin.com/in/luis-perez-abaa0234/</a>
11/01/2024	Transmisión interxeracional de vínculos de apego	<a href="https://www.linkedin.com/in/pilarramallal/">https://www.linkedin.com/in/pilarramallal/</a>
10/10/2024	Vínculo e neurociencia	<a href="https://www.linkedin.com/in/pilarramallal/">https://www.linkedin.com/in/pilarramallal/</a>
07/03/2024	Desenvolvemento do SELF	<a href="https://www.linkedin.com/in/pilarramallal/">https://www.linkedin.com/in/pilarramallal/</a>
10/10/23 - 14/5/24	Teoría da Mentalización	<a href="https://www.linkedin.com/in/luis-perez-abaa0234/">https://www.linkedin.com/in/luis-perez-abaa0234/</a>
07/11/2024	Alianza terapéutica	<a href="https://www.linkedin.com/in/pilarramallal/">https://www.linkedin.com/in/pilarramallal/</a> <a href="https://www.linkedin.com/in/eduardo-barca-96268a69/">https://www.linkedin.com/in/eduardo-barca-96268a69/</a>
06/11/2025	Crianza terapéutica	<a href="https://www.linkedin.com/in/centro-alen-atenci%C3%B3n-a-la-infancia-y-familias-269baa44/">https://www.linkedin.com/in/centro-alen-atenci%C3%B3n-a-la-infancia-y-familias-269baa44/</a>
15/01/2025	Teoría de sistemas	<a href="https://www.linkedin.com/in/pilarramallal/">https://www.linkedin.com/in/pilarramallal/</a> <a href="https://www.linkedin.com/in/eduardo-barca-96268a69/">https://www.linkedin.com/in/eduardo-barca-96268a69/</a>
08/10/2025	Formación do trauma	<a href="https://www.linkedin.com/in/pilarramallal/">https://www.linkedin.com/in/pilarramallal/</a> <a href="https://www.linkedin.com/in/eduardo-barca-96268a69/">https://www.linkedin.com/in/eduardo-barca-96268a69/</a>
14/01/2026	Desenvolvemento social e emocional	<a href="https://www.linkedin.com/in/pilarramallal/">https://www.linkedin.com/in/pilarramallal/</a>
	Formación continua	
09/02/2023	Formación en igualdade	<a href="https://www.linkedin.com/company/retnova-proxectia-consulting/">https://www.linkedin.com/company/retnova-proxectia-consulting/</a>
12/03/2026	A visión adultocentrista	<a href="http://lapsicowoman.blogspot.com/p/blog-page_20.html">http://lapsicowoman.blogspot.com/p/blog-page_20.html</a>
	Formación e revisión de protocolos	<a href="https://www.linkedin.com/in/laura-l%C3%B3pez-cir%C3%A9s-72ba9b10b/">https://www.linkedin.com/in/laura-l%C3%B3pez-cir%C3%A9s-72ba9b10b/</a> <a href="https://www.linkedin.com/in/pilarramallal/">https://www.linkedin.com/in/pilarramallal/</a> <a href="https://www.linkedin.com/in/manuel-nova-7b790013/">https://www.linkedin.com/in/manuel-nova-7b790013/</a>
19/01/2023	A prospección empresarial (1)	<a href="https://www.linkedin.com/in/carloscortes33/">https://www.linkedin.com/in/carloscortes33/</a> <a href="https://www.linkedin.com/in/carlos-ros%C3%B3n-varela-55631342/">https://www.linkedin.com/in/carlos-ros%C3%B3n-varela-55631342/</a>
25/01/2024	Rapport. 8 xeitos de achegarse a unha persoa	<a href="https://www.linkedin.com/in/carloscortes33/">https://www.linkedin.com/in/carloscortes33/</a>
05/03/2025	A prospección empresarial (2)	<a href="https://www.linkedin.com/in/carloscortes33/">https://www.linkedin.com/in/carloscortes33/</a> <a href="https://www.linkedin.com/in/carlos-ros%C3%B3n-varela-55631342/">https://www.linkedin.com/in/carlos-ros%C3%B3n-varela-55631342/</a>





14/05/2026	Innovación para a ocupación laboral	<a href="https://www.linkedin.com/in/carloscortes33/">https://www.linkedin.com/in/carloscortes33/</a>
23/02/2023	Lexislación laboral	<a href="https://www.agoraabogados.com/equipo.html">https://www.agoraabogados.com/equipo.html</a>
08/10/2026	Transformacións no mundo do mercado e análise de tendencias	<a href="https://www.linkedin.com/in/carloscortes33/">https://www.linkedin.com/in/carloscortes33/</a> <a href="https://foroeconomicodegalicia.es/actividades.html">https://foroeconomicodegalicia.es/actividades.html</a> <a href="https://www.linkedin.com/in/carlos-ros%C3%B3n-varela-55631342/">https://www.linkedin.com/in/carlos-ros%C3%B3n-varela-55631342/</a>
19/12/2023	Programas activos para o emprego e mocidade	<a href="https://emprego.xunta.gal/portal/index.php/es/?option=com_content&amp;view=article&amp;id=395">https://emprego.xunta.gal/portal/index.php/es/?option=com_content&amp;view=article&amp;id=395</a>
14/12/2023	Metacompetencias profesionais: Autocoñecemento	<a href="https://www.linkedin.com/in/carloscortes33/">https://www.linkedin.com/in/carloscortes33/</a>
